

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2019

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2019.

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Sada, convócanse as presentes axudas na área de Educación e Deporte para o período que vai comprendido entre o 01 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.

1.- FINALIDADE E OBXECTO.

O Concello de Sada quere, pola presente convocatoria, dar apoio ás entidades deportivas e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, a fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo deste xeito a impulsar a igualdade e democratización da sociedade.

En canto ás subvencións ás entidades deportiva, a presente convocatoria márcase obxectivos de carácter xeral como a mellora da xestión e organización de actividades deportivas mediante a concesión de subvencións. Son prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a impulsar o desenvolvemento de actividades deportivas federadas, fomento do deporte de base, fomento do deporte escolar e deporte inclusivo.

As subvencións ás entidades deportivas irán destinadas a gasto corrente en actividades deportivas.

Destinaranse 63.500€ ás subvencións para actividades deportivas con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000

2.- RÉXIME XURÍDICO.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.

Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Bases de execución do orzamento para o ano 2019.

3.- SOLICITANTES.

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Estar inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Sada.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do municipio de Sada ou sobre temas de interese para o Concello.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 la Lei 38/2003, Xeral de subvencións nin dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes.

4.- CONDICIÓNS E OBRIGAS.

- A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

- As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración e patrocinio prestado polo Concello de Sada en toda a información (impresa, informática e audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados e na súa páxina web.
- Con carácter xeral a subvención solicitada nunca superará o 100 % do presuposto estimativo de gastos presentados e posteriormente xustificadas.
- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documental-mente mediante a utilización dalgún dos medios previstos na base 8.4

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes, dirixidas ao Sr. Alcalde e asinadas polo representante da entidade, formularanse no modelo que figura como anexo desta convocatoria e presentaranse no Rexistro electrónico do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Achegarase á solicitude a seguinte documentación:

5.1.- Documentación xeral da entidade.

- a) Fotocopia cotexada da tarxeta do CIF da entidade e do NIF do representante.
- b) Certificado expedido polo Secretario da Asociación, acreditativo do acordo adoptado polo órgano de Goberno polo cal se decide solicitar a subvención.
- c) Declaración responsable do ou da representante da entidade de estar ao corrente das súas obrigas coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e co Concello, co compromiso de presentar os correspondentes certificados en caso de ser beneficiaria de subvención e nas súas obrigas legais co persoal que preste servizos para as entidades solicitantes o cal non terá ningunha clase de vínculo nin relación laboral co Concello de Sada.
- d) Declaración responsable do representante de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, ni dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria.

5.2.- Documentación específica da subvención en función da tipoloxía da entidade.

1) Memoria subscrita polo representante da entidade explicativa das actividades propostas para as que se solicita a subvención, detallando:

- Descrición da actividade obxecto da subvención.
- Orzamento total, debidamente desglosado, dos gastos das actividades propostas e previsión de ingresos para o seu financiamento.
- Incidencia no fomento do deporte feminino.
- Incidencia no fomento do deporte en colectivos en risco de exclusión social e promoción do deporte adaptado.

1) Importe da subvención solicitada e declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.

2) Certificación expedida pola Federación respectiva, na que se especifique:

*número de licencias en activo, por categorías, durante o ano 2019

*equipos en categorías inferiores.

3) Calendario da competición dos equipos da entidade durante o ano 2019

A documentación que se achegue en fotocopia estará cotexada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 5 deberase solucionar no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sada ou por calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.2.- O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de dez días.

7.- RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS.

A concesión das subvencións realizarase, en réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local. A Comisión Avaliadora previo informe do Servizo de Deportes puntuará as solicitudes presentadas que serán recollidas nunha acta, e levará a proposta obtida ao Alcalde para ditar resolución, que incluírá as puntuacións outorgadas, as actividades subvencionadas e o importe económico da subvención concedida a cada entidade.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: alcalde ou concelleiro/concelleira en quen delegue.

Vogais: un concelleiro/concelleira e dous/dúas traballadores/traballadoras municipais nomeados polo alcalde.

Na comisión actuará como secretario, o secretario da corporación ou funcionario ou funcionaria en quen delegue.

7.1- Valoración das solicitudes. A selección das peticións e o importe das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, de acordo cos seguintes criterios e baremos, ata un total máximo de **100 puntos**:

1.- Número de licenzas (Máximo de **35 puntos**)*.

De 1 a 10 licenzas	2 puntos
De 10 a 20 licenzas	4 puntos
De 20 a 40 licenzas	10 puntos
De 40 a 60 licenzas	15 puntos
De 60 a 80 licenzas	20 puntos
De 80 a 120 licenzas	25 puntos
De 120 a 200 licenzas	30 puntos
Mais de 200 licenzas	35 puntos

* Non se terán en conta as licenzas de día nin de bautismos.

2- Capacidade de integración do deporte, valorarase a relación contractual das monitoras, fomento do deporte feminino, fomento do deporte en colectivos en risco de exclusión social e promoción do deporte adaptado. (Máximo **10 puntos**)

3- Masa social non deportista, valorar positivamente a interacción coa sociedade das entidades concorrentes. Asentamento no Concello de Sada (número de anos con actividade fundamental desenvolvida no termo municipal. (Máximo **20 puntos**)

4.- Adecuación das actuacións ao interese municipal (máximo **20 puntos**): Valorarase o interese para o sistema deportivo e social, en función dos fins e necesidades que o Concello de Sada considera para o mesmo, e tendo en conta a interacción da entidade solicitante, e o impacto sobre a xestión do mesmo.

5- Colaboración co Concello e a Concellería de Educación e Deporte en actividades deportivas desenvolvidas por estes. (Máximo **10 puntos**)

6- Uso da lingua Galega (Máximo **5 puntos**)

7.2.- Resolución e notificación.

A resolución de concesión deberá notificarse expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna, no lugar e polo medio que estes fagan constar para ese efecto na solicitude, tendo en conta o establecido a estes efectos no artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra dita resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

7.3.- Reformulación de solicitudes.

Unha vez notificada a resolución de concesión, a reformulación de solicitudes á que se refire o artigo 27 da Lei xeral de subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, será automática, de tal modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ao solicitado polo beneficiario ou beneficiaria, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior reducirase proporcionalmente.

7.4.- Modificación de concepto.

Unha vez notificada a resolución de concesión, despois de solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse a reformulación da solicitude inicial, mediante o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou presuposto da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención.

Esta solicitude deberá presentarse no prazo de tres meses dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Xunta de Goberno Local, despois da proposta previa da Comisión Avaliadora.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

8.1.- Prazo de xustificación

O prazo de presentación da documentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da concesión da bolsa, e **rematará pasados 10 días hábiles**, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou interesada ou por proposta razoada da unidade xestora, ata o 30 de abril de 2020.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), será requirido ao beneficiario para a súa presentación (art. 70 do Regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución da Alcaldía se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

8.2.- Pagamento.

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes da Sección de Deportes e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención. .

Para o cobro da subvención as entidades deberán achegar acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, mediante certificado expedido polos órganos competentes das ditas administracións.

8.3.- Consideracións xerais

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos aprobados no presuposto inicial, e con carácter xeral non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.

O presuposto subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificable documentalmente deberá acadar polo menos, o importe do presuposto subvencionado.

8.3.1.- Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

8.3.2.- O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

8.3.3.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

8.3.4.- As entidades beneficiarias das subvencións municipais deben utilizar, formas de pago a terceiros previstas no apartado 8.4 das presentes bases.

8.3.5.- O beneficiario ou beneficiaria deberá someterse aos procedementos de control ou auditoría que se realicen pola Intervención municipal, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na condición de contratante, aos procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. E como resultado dos ditos procedementos, poderá esixirse responsabilidade administrativa, consonte ao previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e de ser o caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código Penal.

8.4- Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, non teñan carácter de investimentos e se realicen no prazo establecido pola convocatoria. En particular, se admiten os seguintes:

- Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas.
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- Retribucións a persoal técnico e dos monitores e monitoras que teñan relación laboral ou de arrendamento e servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas, só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE.
- Os gastos correspondentes a voluntarios e voluntarias ou monitores e monitoras que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc, de forma esporádica, dereitos de arbitraje, conferenciantes, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos:
 - Nome, CIF e enderezo da entidade.
 - Nome e apelidos do monitor, ou seu NIF e enderezo.
 - A cantidade que recibe e correspondente retención de IRPF.
 - O concepto polo que se paga (actividade, curso, etc.).
 - Datas nas que se impartiu a actividade, curso...
 - Lugar e data da emisión do recibo.
 - Sinatura do monitor/monitora ou voluntario/voluntaria.

Xunto con esta documentación acompañarase:

- * Certificado do secretario/secretaria da entidade declarando que o perceptor ou perceptora é unha persoa allea á mesma.
- * Declaración xurada do perceptor ou perceptora conforme a cantidade recibida é en concepto de gratificación pola súa colaboración.
- Gastos de mantemento (aluguer, luz, auga, teléfono, consumibles, oficina).
- Gastos federativos (inscricións, licenzas e mutualidade), co correspondente certificado federativo.
- Arbitxaxes en competicións oficiais, con certificados ou facturas da federación.
- Gastos de recoñecemento previo, atención médica e fisioterapia
- Avituallamentos
- Combustible (unicamente para desprazamentos vinculados directamente coa actividade: traslado a competicións, traslado a adestramentos).
- Transporte (unicamente para desprazamentos vinculados directamente coa actividade: traslado a competicións), por medio de facturas, acompañados do calendario oficial de competicións.
- Aloxamento
- Produtos farmacéuticos
- Imprenta e serigrafías
- Publicidade
- Trofeos
- Material deportivo funxible non inventariable (balóns, redes, raquetas, esterillas, etc)
- Roupa deportiva
- Reparacións e mantemento de instalacións ou equipamento vinculado á actividade deportiva

8.5.- Documentación xustificativa necesaria para recibir a achega do Concello.

A achega municipal aboaráselle á Entidade Beneficiaria unha vez que presente axeitadamente a seguinte documentación.

A.- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas nesta convocatoria coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

B.- Relación clasificada dos gastos realizados, asinada polo/pola secretario/secretaria da entidade, co visto e prace do seu/súa presidente,/presidenta e con identificación dos/das acredores/acredoras (nome da empresa e CIF ou, de ser o caso, nome, apelidos completos e NIF), dos conceptos de gasto (nº de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión), e data de pagamento.

C.- Xustificantes do gasto: achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto incluídos na relación clasificada. Ditos documentos deben estar emitidos a nome do beneficiario ou beneficiaria da axuda e cumprir cos requisitos previstos na normativa de aplicación. No caso de nóminas deberán presentarse a nómina xunto co documento de cotización á Seguridade Social. As facturas ou documentos análogos achegados, xustificativos dos gastos realizados obxecto da subvención, deberán corresponder ao exercicio 2019.

D.- Xustificantes de pagamento: As facturas ou documentos xustificativos que se presenten deben estar pagados. Para acreditar o pagamento debe achegarse a seguinte documentación xustificativa en función da forma de pagamento que se utilice das admitidas para os efectos da xustificación do presente convenio:

a) Pagamento por transferencia: Resgardo da entidade financeira da orde de transferencia realizada.

b) Pagamento por domiciliación bancaria: Resgardo da entidade financeira do débito na conta da entidade beneficiaria.

c) Pagamento por cheque:

- Copia do cheque emitido a nome do provedor ou provedora.
- Extracto da conta corrente de titularidade do beneficiario ou beneficiaria onde figure o cargo do cheque. No caso de que no cargo non figure o número de cheque requirirase informe da entidade financeira na que conste o número do cheque e data de cargo na conta de titularidade da entidade beneficiaria.

d) Pagamento en metálico: Factura acompañada do tícket de compra asinada e selada polo provedor ou provedora ou alternativamente documento recibín do provedor ou provedora no que se faga constar a identificación da factura e o seu importe.

e) No caso de nóminas:

- Xustificación de pagamento da nómina a través de calquera das formas reguladas nos apartados anteriores.
- Xustificación do pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Xustificación do pagamento das retencións por IRPF: No caso de que entre a documentación xustificativa preséntense nóminas ou facturas nas que se practicasen retención por IRPF deberá presentarse modelo 110 selado pola AEAT ou entidade financeira e declaración responsable de que entre as retencións declaradas no devandito modelo se encontran as retencións polas nóminas ou facturas presentadas.

Calquera outra forma de xustificar o pagamento distinta ás relacionadas deberá ser obxecto de informe pola intervención municipal para os efectos de determinar se queda suficientemente acreditado o pagamento do gasto xustificativo para os efectos da súa admisión.

E.- Declaración doutros ingresos ou subvencións obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe ou procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración concedente, na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

F.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, mediante certificado expedido polos órganos competentes de ditas administracións.

G.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo que achegue a entidade bancaria emisora do certificado.

H.- Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados.

8.6.- Tramitación da xustificación

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes da Sección de Deportes e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

9.-RÉXIME SANCIONADOR

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente convocatoria foi aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 19/12/2019 .

A secretaria.- María del Carmen Seoane Bouzas

Sada, 19/12/2019

O alcalde,

Oscar Benito Portela Fernández

A ENCHER POLA ADMINISTRACIÓN

Núm. Expediente	Núm. Rexistro
Modelo	Data
Órgano/Centro/Unidade	Código Identificación

(Anexo)

SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS 2019

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e Apelidos/Razón Social			NIF
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico
DATOS DO/DA REPRESENTANTE			
Nome e Apelidos			NIF
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico
DATOS DA NOTIFICACIÓN			
PERSOA A NOTIFICAR		MEDIO DE NOTIFICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Solicitante		<input type="checkbox"/> Notificación electrónica	
<input type="checkbox"/> Representante		<input type="checkbox"/> Notificación postal	
DATOS RELEVANTES			
FEDERACIÓN DEPORTIVA/ASOCIACIÓN/...			
Nº inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais:			
OBSERVACIÓNS			
DATOS DA SUBVENCIÓN			
CONVOCATORIA	BOP Núm. _____ E DATA _____		
IMPORTE SOLICITADO	EUROS		
FINALIDADE DA SUBVENCIÓN			
OBXECTO DA SOLICITUDE			
Acompañando a esta solicitude a documentación expresada na convocatoria publicada no <i>Boletín Oficial da Provincia</i> núm. _____ de data _____, cumprindo todos os requisitos solicitados nas bases reguladoras e convocatoria, e declarando baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan, SOLICITO que me sexa concedida subvención para a indicada finalidade, con base na documentación achegada.			

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

- *Fotocopia cotexada da tarxeta do CIF da entidade e do NIF do/da representante.*
- *Declaración responsable do/da representante da entidade de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, co compromiso de presentar os correspondentes certificados en caso de ser beneficiario/beneficiaria da subvención.*
- *Declaración responsable do/da representante de que a entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións nin dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
- *Memoria subscripta polo representante da entidade explicativa das actividades para as que se solicita a subvención, detallando:*
 - *Descrición da actividade obxecto da subvención*
 - *Orzamento total, debidamente desglosado, dos gastos das actividades propostas e previsión de ingresos para o seu financiamento, con declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.*
 - *Incidencia no fomento do deporte feminino*
 - *Incidencia no fomento do deporte en colectivos en risco de exclusión social e promoción do deporte adaptado*
 - *Certificado expedido polo Secretario da Asociación, acreditativo do acordo adoptado polo Órgano de Goberno polo cal se decide solicitar a subvención*
 - *Certificación expedida pola Federación respectiva, na que se especifique:*
 - *número de licenzas en activo, por categorías, durante o ano 2019*
 - *equipos en categorías inferiores.*
 - *Calendario da competición dos equipos da entidade durante o ano 2019*

En canto aos seguintes documentos que non se achegan por xa obrar en poder desa Administración, sen que transcorran máis de cinco anos da súa presentación, fago constar a seguinte información:

— _____ [Documento que non se achega, data e o órgano ou dependencia municipal en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos]

— _____ [Documento que non se achega, data e o órgano ou dependencia municipal en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos]

DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 2019.

O/A solicitante ou o/a seu/súa representante legal,

Asdo.: _____

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SADA.

AVISO LEGAL

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórma que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercizo por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados así como solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración.